



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 07/09/2013.

Concelleiros presentes:

D. Secundino García Casal.
D. Manuel Varela Mecías.
Dª María del Carmen Muiño Filgueira.
Dª María Amparo Calvo González.
D. Jesús Manuel Soto Vivero.
Dª Ana Belén Breijo Gundín.
Dª María del Carmen García Pérez.
D. Plácido López Loureiro.
D. Hipólito Díaz Silva.
D. Fernando Márquez Hermida.

Concelleiros ausentes:

Dª Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e nove minutos do día sete de setembro de douce mil trece, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presencia do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día seis de xullo do presente ano douce mil trece. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. RATIFICACIÓN E TOMA DE RAZÓN DE ACORDOS E RESOLUCIÓNS.

Os expedientes comprendidos no presente punto da Orde do Día non foron dictaminados pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declaráranse urxentes en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre os mesmos.



Dase conta da Resolución da Alcaldía de data do 05/08/13, mediante a que se decideu a adquisición dun furgón pequeno marca Opel, modelo Combo con bastidor número WOLOSBF2513C31332, matrícula 5156BKY, polo prezo de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200 €), para apoiar os traballos de construción e mantemento de infraestructuras que se están a realizar polo Concello.

Dase conta de seguido doutra Resolución, do 02/09/13, pola que se deixa sen efecto a delegación conferida mediante Resolución do 13/06/11, publicada no BOP nº 127, do 05/07/11, en favor do concelleiro Jesús Manuel Soto Vivero para a área de deportes, quedando vixentes as correspondentes ás áreas de facenda e desenvolvemento local.

Dase conta de seguido do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 02/09/13, de adxudicación á empresa Equipamiento de Oficinas Ferrol, S.L. do contrato para a execución do "Equipamento integral do Pazo da Marquesa", polo prezo total de 127.117,45 euros; 105.055,70 € de prezo sen IVE e 22.061,71 € do 21% do IVE. O prazo de execución do contrato de que se trata será de trinta días naturais.

A continuación, dase conta do contido do informe sobre o cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago de obrigacións, correspondente ó segundo trimestre de 2013 asinado polo Tesoureiro con data do 04/09/13 e no que se indica que non consta a existencia de pagos pendentes ou realizados fora dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, correspondentes a obrigas que reúnan a totalidade dos requisitos legalmente establecidos, no expresado período do segundo trimestre do presente ano 2013.

TERCEIRO. ACORDOS SOBRE FICHEROS DE DATOS PERSOAIS CORRESPONDENTES Ó REXISTRO DE ACOLLEMENTOS CIVÍS.

Dase conta da proposta de creación dun novo ficheiro de datos de carácter persoal sometido ó establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, concretamente no referido á recollida de datos para o rexistro municipal de acollementos civís recentemente creado por este Concello. Dase conta tamén da información emitida en relación co asunto pola empresa RB Soluciones, que asesora ó Concello neste ámbito. Obra no expediente a ficha comprensiva das características propostas para este novo ficheiro, que sería o número 13 dos do Concello, cos datos precisos para a súa identificación e correcto funcionamento.

O expediente de que se trata non foi dictaminado pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 93 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, declarase urgente en votación ordinaria e por unanimidade dos dez membros presentes do Concello, antes de iniciarse o debate sobre o mesmo.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda:

1º.- A creación do ficheiro de datos de carácter persoal nº 13 deste Concello, denominado "acollementos civís", e ordear que se formule solicitude da súa inscrición no Rexistro Xeral de Protección de Datos.

2º.- Ordear a publicación de anuncio referido ó presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ós efectos oportunos.

3º.- Ordear a comunicación do contido do presente acordo á Axencia Española de Protección de Datos coa brevidade posible.

CUARTO. APROBACIÓN INICIAL DE ORDENANZA DE SACA DE MADEIRA.

Dase conta polo Sr. Soto do longo proceso de elaboración desta proposta de "Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de San Sadurniño", necesaria polo incremento das sacas nos últimos anos, e o conseguinte deterioro de moitas pistas municipais, e consensuada entre varios concellos da zona afectados pola mesma problemática. O proceso iniciouse con xuntanzas entre representantes dos sectores afectados, que aceptaron cumplir uns requisitos mínimos para racionalizar a actividade. Detectado con posterioridade que non todos os mederistas cumplían eses compromisos, adoptouse a iniciativa de regular xurídicamente o tema en beneficio de todos, establecendo un sistema de fianzas como garantía de responsabilidade civil, visto que a imposición dunha taxa prantexa dúbidas legais.

A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

O Sr. Soto explica de seguido detalladamente o esquema da ordenanza e o contido básico de cada unha das súas partes, destacando a creación dun ficheiro de maderistas e a gradación da contía das fianzas polo volume de madeira a extraer, e indicando que está aberto un proceso de negociación coa Xunta para que colabore na regulación da actividade.

O Sr. López Loureiro toma a palabra de seguido, indicando que efectivamente é necesaria en concellos como San Sadurniño unha regulación deste tipo, ainda que, en relación coa proposta concreta, pode prantexar problemas determinar con exactitude cal é o estado da pista afectada por cada saca de madeira para poder valorar adecuadamente o seu deterioro como consecuencia desa saca. Preocupan tamén ó Sr. López Loureiro os problemas que poden ter algúns pequenos maderistas co tema das fianzas.

O Sr. Márquez intervén para indicar que está de acordo na necesidade de dispor, en San Sadurniño e na zona, dunha norma que regule o tema das sacas de madeira e de información sobre os datos dos maderistas que aquí traballan, lembrando que xa estivo en vigor unha ordenanza deste tipo durante varios anos. Di que a imposición de fianzas pode repercutir nos pequenos propietarios forestais, ós que os maderistas trasladarán os importes que deban pagar. Di tamén que o control do cumprimento do indicado na



proposta require medios materiais e sobre todo humanos que o Concello non ten, o que pode determinar a imposibilidade de aplicar a Ordenanza, como pasou coa anterior. E aborda tamén o tema do deficiente e ainda lamentable estado de moitas pistas municipais, polo que pon en dúbida que se poida esixir nada ós seus usuarios en tanto non se reparen, ademáis da dificultade que implica valorar posibles desperfectos nunha infraestructura xa moi deteriorada. Finalmente, sinala a necesidade de contar con máis espazos para depósito temporal de madeira.

O Sr. Alcalde interven de seguido para reiterar a importancia do sector forestal na zona, tanto agora como de cara ó futuro, o que fai necesaria unha regulación por parte das administracións con competencias en camiños e estradas, tendo en conta ademáis o incremento dos últimos anos, que tamén aumenta as posibilidades de que se cometan infraccións. Di que a fianza non vai encarecer a madeira en absoluto, como faría unha taxa por tonelada, e que ademáis a obriga de repoñer non depende de que se esixa fianza ou non, e que o que encarecería a madeira sería que as pistas estivesen tan desfeitas que non se poideran utilizar para os camións. Di tamén que efectivamente unha ordenanza que non se pode facer cumplir por carecer de policía non sirve para nada, e por iso tódolos concellos que participaron na negociación solicitaron unha reunión coa Consellería para tratar de que vixile as talas que autoriza, xa que é a administración competente para outorgar esas autorizacións. Engade que moitos concellos xa teñen implantado un sistema de fianzas, algúns más altas que as previstas na proposta, como Neda, e que non se manifestou oposición a este tema na xunta de portavoces, e remata decindo que é convinte dispor de consenso e unanimidade para levar adiante este asunto.

O Sr. Márquez interven de novo para facer unha valoración positiva da proposta de ordenanza, ainda que insiste en que a súa aplicación implicaría dispor duns medios dos que carece tanto San Sadurniño como o resto dos concellos nos que se pretende implantar.

O Sr. Alcalde repite que por esa razón solicitouse manter a reunión coa Xunta, que o tema será prantexido tamén na Fegamp, e que existe un problema que debe ser resolto. Respecto ós depósitos temporais, di que non son tan necesarios coas novas técnicas de extracción, que priman a entrada dos propios camións de carga no monte. Respecto á cuestión do estado das pistas, di que o que a Ordenanza prevé é a reposición ó estado anterior ó inicio dos traballos, e non que se fagan novas.

O Sr. López Loureiro pregunta quen vai valorar o estado das pistas, respondéndoselle polo Sr. Alcalde que, obviamente, a arquitecta municipal, como técnica con experiencia neste tipo de cuestións. O Sr. Márquez insiste no tema da falla de medios, sobre todo parsoais, para a aplicación da norma.

O Sr. Varela di que os concelleiros da oposición cuestionan o tema, pero non aportan propostas de mellora.

O Sr. Alcalde di que o control das talas non é posible, e que por esa razón se prevé o rexistro de maderistas e o aviso previo, e que emitir un informe técnico sobre o estado das pistas antes das cortas non é difícil. Di tamén que de cumprirse a Ordenanza anteriormente vixente, o problema xa non se prantexaría, xa que o peso máximo nas



pistas estaba limitado a 5 toneladas; desde entón, a forma de explotar o monte cambiou moito. Di tamén que é certo que os maderistas tratarán de pagar menos a costa dos donos da madeira, como tamén é certo que Confemadera, a patronal do sector, contraria a esta regulación, remitiu un escrito ó Concello en relación con esta Ordenanza, e que el respostou que ainda non temos Ordenanza.

O Sr. Soto intervén para dicir que unha Ordenanza sempre ten casos de incumprimento, e que esta en particular é difícil de facer cumplir en cortas pequenas que duren poucos días, pero que nas grandes, que duren máis dun mes, terá aplicación, e o seu cumprimento estenderase como a boa semente. Do que se trata é de ter unha norma que diga o que está ben e o que está mal, e tratar de darlle cumprimento por parte de todos.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a Ordenanza de que se trata e ordear a realización coa brevidade posible dos trámites necesarios para a súa entrada en vigor. O texto da Ordenanza aprobada é o seguinte:

"ORDENANZA REGULADORA DAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIOS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO LIMIAR

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de San Sadurniño debido a que boa parte da superficie municipal está cuberta por especies forestais. Pero asemade, o 25% da poboación galega é propietaria de parcelas forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares é moi importante, e cómpre darlle o valor que lle corresponde.

Igualmente, a industria de transformación da madeira tamén é esencial para a economía de San Sadurniño, debido ós postos de traballo que xera, e á elaboración de produtos de maior valor engadido.

Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, grazas ó noso clima e á nosa terra, e isto xera unha mancha de potencialidades, que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar produto de calidade para a industria transformadora, e con todo isto xerar máis valor, máis rendas, máis emprego e máis calidade de vida.

Nembargante, para lograr todo isto é preciso virar a actual situación e camiñar cara a un novo paradigma de xestión sustentable do monte galego. E iso pasa por eliminar ou reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector, como son, entre outros, a escasa cualificación da man de obra, unha distribución de parcelas minifundista e irregular, ou os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira.

O Concello, consciente da importancia do sector, pero tamén preocupado polos custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais, e polo tanto no conxunto da poboación, pretende regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal en San Sadurniño, no que atinxá á conservación das vías e así promover unha xestión racional e sustentable dos espazos forestais. E faino con base nas competencias que posúen os



municípios nos ámbitos da prevención e extinción de incendios, o medio ambiente ou o urbanismo, establecidas pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e pola Lei 5/1997, de administración local de Galicia, entre outras.

Nomeadamente, esta ordenanza pretende acadar a adecuada protección dos recursos naturais e paisaxísticos, así como velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que poden ser obxecto de estragos por causa das operacións de plantación, corta e saca da madeira.

É por iso que esta ordenanza vén regular a actividade extractiva de madeira no termo municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo. Neste senso créase un rexistro de empresas madeireiras, para levar control das entidades que realizan actividades forestais no termo municipal, e se establecen unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como ás persoas propietarias dos montes explotados.

Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, e dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local.

Por último a ordenanza recolle un apartado de infraccións e de sancións.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Artigo 1.- Obxecto e fundamento

1. Consonte ao disposto nos artigos 591 do Código civil e 25, 28 e 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Concello de San Sadurniño establece a presente ordenanza reguladora das cortas forestais.

2. A presente ordenanza ten por obxecto a regulación da actividade forestal consistente na corta e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa preservación do medio natural, dos bens municipais e da seguridade viaria. Esta ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto a obtención de madeira e o seu transporte (operacións preparatorias da corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construcción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos de madeira, transporte da madeira etc.). Con isto quérrese facer compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal, tan importante no noso Concello, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e coa seguridade viaria.

Artigo 2.- Definicións

✓ Para os efectos de aplicación desta ordenanza considérase como actividade forestal aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semiente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

✓ Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de San Sadurniño que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta, incluíndo tanto as



operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construcción de ramblas ou accesos ás fincas, preparación do terreo etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

✓ Por empresa madeireira debe entenderse a persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación

O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de San Sadurniño, sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: REXISTRO, AUTORIZACIÓNS E RÉXIME XURÍDICO

Artigo 4.-Rexistro de empresas madeireiras

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de San Sadurniño deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I.

Artigo 5.- Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira

1. Para realizar traballos de corta e saca de madeira en plantacións forestais deste Concello, cun volume estimado superior a 20 metros cúbicos, será obligatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de tres días ó comezo das actividades. Isto farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foren da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2. O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

- Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
- Especie de madeira obxecto da corta
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia
- Identificación catastral da finca ou monte afectado (polígono e parcela/s)
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga
- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan



causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións.

3. O Concello de San Sadurniño terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo II.

4. O Concello de San Sadurniño requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa) cando comprobe que a empresa madeireira non cumpliu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais a comunicación previa.

5. Exceptuase de todo o descrito anteriormente, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m³.

Artigo 6.- Responsables

1. A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de San Sadurniño velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de conservación, limpeza e seguridade.

2. A obriga recollida no punto anterior será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da empresa madeireira, e, en xeral, polos cometidos por aquellas persoas de quen deba responder.

3. As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, nomeadamente cando a corta se faga a eito en zonas con pendentes elevadas, de tomar as medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

Artigo 7.- Obrigacións

1. A empresa madeireira estará obrigada a asumir os custes da reparación dos estragos producidos nas vías, nas estruturas anexas ou noutros elementos do dominio público local.

2. A empresa madeireira fica obrigada á limpeza e retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumplirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3. Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscabar a funcionalidade das cunetas, gabias,



canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa ós camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias.

4. Prohibese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais fiquen ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados. Os residuos asimilables ós urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal adecuado. Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

5. As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de maneira que minimicen o risco de incendio, dando prioridade ós tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ó ciclo produtivo agroforestal ou ó aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

6. A empresa madeireira estará obligada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

7. Prohibese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

8. A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramblas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non asolague e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

9. As limpezas ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

Artigo 8.- Fianza ou cota tributaria

1. As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responderen diante dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que debe ser depositada con anterioridade ao comezo dos traballos) establecéncense catro categorías:

- Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00 €
- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00 €
- Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 4.000,00 €
- Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00 €

2. No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, o volume total de madeira extraída desas parcelas deberá sumarse, ós efectos do cálculo da fianza que se lle aplicará.

3. Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completarase nun prazo de 30 días naturais, toda vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local.

Artigo 9.- Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria



1. Transcorrido un prazo de sete días dende que se producise a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda.
2. Se os danos foren dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os ditos danos e requiriráselle ao responsable da corta para que abone as cantidades resultantes a maiores do establecido na fianza inicial. No caso de non ser atendido o dito requerimento, o Concello resérvase o exercicio das accións legais e fiscais oportunas.

TÍTULO II: INFRACCIONES E SANCIÓNNS

Artigo 10.- Infraccións

1. Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido nesta. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, ademais da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2. As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

3. Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requerido polo Concello
- Deixar as vías municipais nun estado de sucidade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso
- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou outros elementos do dominio público local por valor superior a 6.000,00 €
- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa

4. Son infraccións graves:

- Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requerido polo Concello
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade, segundo o informe municipal emitido para o caso
- Causar danos nas estradas, pistas, camiños ou outros elementos do dominio público local por valor inferior a 6.000,00 €
- Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriran para acceso aos terreos forestais

- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa

5. Consideránse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Artigo 11.- Sancións

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:
 - Infraccións leves: multa de ata 300,00 €

- Infracciones graves: multa de contía comprendida entre 300,01 e 1.500,00 €
 - Infracciones moi graves: multa de contía entre 1.500,01 € e 3.000,00 €
2. A tramitación do procedemento sancionador, non previsto nesta ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada.
3. O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.
4. As multas e sancións impostas ao amparo da presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50% no caso de seren aboadas no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.
5. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da esixencia, se for o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.
6. As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.
7. A resolución do expediente sancionador corresponderá á Alcaldía.

Artigo 12.- Requerimentos

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexúizos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non poderá exceder dun mes. Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requerimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custos derivados á persoa responsable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

1. A presente ordenanza entrará en vigor logo dun mes desde a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.
2. A Alcaldía queda facultada para emitir cantas ordes ou instruccións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

San Sadurniño, 26 de abril de 2013

Asdo. O alcalde-Presidente
Secundino García Casal

ANEXO I: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

ANEXO II: MODELO DE COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, nº 5
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

| | |
|----------------------|--|
| Denominación | |
| NIF | |
| Enderezo | |
| Teléfono | |
| Correo electrónico | |
| Persoa/s de contacto | |

A empresa devandita solicita a súa inclusión no REXISTRO DE EMPRESAS MADEIREIRAS DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

San Sadurniño, de de 20....

Asdo.

Nome:

Representante da empresa

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO

COMUNICACIÓN PREVIA DAS OPERACIÓNS DE CORTA E SACA DE MADEIRA

| | |
|-----------------------------|--|
| Datos da empresa madeireira | |
| Denominación | |
| NIF | |
| Enderezo | |
| Teléfono | |
| Nome da persoa encargada | |

| | | |
|---|--------------------------|---------------------------|
| Datos da explotación forestal | | |
| Especie de madeira obxecto da corta | | |
| Volume total da madeira a extraer (m ³) | | |
| Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia | | |
| Identificacións catastrais | Polígono: • • • | Parcela/s: • • • |

| | |
|------------------------------------|--|
| Datos do aproveitamento forestal | |
| Datas previstas de inicio e remate | |
| Lugar onde se depositará a madeira | |

En aplicación da Ordenanza reguladora das actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de San Sadurniño comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega (marque o que corresponda):

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corte
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil
- Non posúe ningún seguro de responsabilidade civil
- Fotocopia compulsada da fianza ou aval bancario

San Sadurniño, de de 20.....

Asdo.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO"

QUINTO. ACORDO DE DETERMINACIÓN DE FESTIVIDADES LABORAIS PARA 2014.

Dase conta polo Sr. Alcalde da necesidade de establecer coa brevidade posible as datas nas que se celebrarán as festividades laborais de carácter local no vindeiro ano 2014, e da proposta do grupo de goberno no sentido de manter as datas nas que se veñen celebrando tradicionalmente estas festas, é dicir, o martes de Entroido, que no 2014 cadrará no 4 de marzo, e o 2 de xullo, no que se conmemora Santa Sabela.

A cuestión non foi dictaminada pola comisión informativa competente deste Concello, polo que, en cumprimento do sinalado no artigo 82 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, ratifícase a súa inclusión na Orde do Día en votación ordinaria e por unanimidade dos dez concelleiros presentes, antes de iniciarse o debate sobre a mesma.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda aprobar a proposta do grupo de goberno, e establecer como festividades laborais de carácter local para o vindeiro ano 2014 os días 4 de marzo, martes de Entroido, e 2 de xullo, Santa Sabela, e ordear a remisión dunha certificación do presente acordo, coa brevidade posible, á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

URXENCIA. Antes de pasar ó sexto e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado no artigo 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algúns asuntos non comprendidos na Orde do Día da presente sesión.

Toma a palabra o Sr. Soto, para propoñer a inclusión dun punto con este carácter na orde do Día da presente sesión: unha moción sobre os recortes da Consellería de Educación no CPI de San Sadurniño, derivada dunha reunión mantida con



representantes das nais e pais de alumnos con posterioridade á convocatoria da presente sesión.

Sometida de seguido a votación ordinaria a inclusión da proposta de que se trata como asunto urgente na Orde do Día da presente sesión, a Corporación, sen deliberación e por unanimidade dos seus dez membros presentes, acorda considerar o asunto urgente, polo que queda incluído na Orde do Día da presente sesión, pasándose de seguido ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN SOBRE OS RECORTES DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NO CPI DE SAN SADURNIÑO.

O Sr. Soto resume o tratado na xuntanza mantida con pais e nais de alumnos do centro, que manifestaron as súas queixas por cuestións concretas relacionadas co funcionamento previsto do centro para o próximo curso escolar, especialmente a necesidade de contar cunha praza máis de mestre para sexto de infantil, e da lectura á moción de que se trata, que literalmente di:

"Os 26 nenos e nenas de 6ºcurso de Educación Infantil, terán que comezar o curso con un mestre/mestra menos. Esta situación fai que pasen de estar organizados en dúas aulas, con cadansúa mestra, a ter que estar agrupados nunha soa clase.

A nova situación supón un retroceso,inxustificado, na calidade da atención educativa que se lles estaba prestando a estes nenos e nenas, xa que nos cursos 2011-2012 e 2012-2013 este mesmo alumnado estaba nunha situación ben distinta.

Ben é certo que neste novo curso 2013-2014 o número matrículas en 3 anos, 4º de Infantil, obrigou, de novo a dispoñer de dúas aulas, polo tanto de dúas mestras titoras, no canto dunha, como estaba previsto. Máis non cremos que a política educativa deba seguir criterios como o de desvestir un santo para vestir outro, ou o que é o mesmo, perxudicar a un grupo de alumnos e alumnas para beneficiar a outros.

Esta situación ten varias consecuencias negativas tanto para o alumnado como para a comunidade educativa, que rexeita de plano esta medida, e que fixo diferentes trámites coa Consellería de Educación para que se mantivera a situación anterior, sen resultado algúin. Tanto o equipo directivo do CPI, como a ANPA intentaron que se reconsiderase esta medida, e se concedera o mestre ou mestra que se necesita, para que os nenos e nenas de 5 anos puideran continuar desdobrados en dúas aulas.

A nova situación implica un agravio comparativo entre os nenos e nenas de 3 e os de 5 anos; obriga a nenos e nenas que van a comezar o último ano de Educación Infantil a afrontar este curso de tránsito cara a Educación Primaria nunhas condicións que non van favorecer nin garantir a intensidade de atención persoalizada que ata o de agora viñan tendo. En relación a esto cómpre recordar que durante este curso, a práctica educativa que se desenvolve vai encamiñada a favorecer o desenvolvemento das competencias de lectura e escritura, tan importantes para o progreso académico posterior dos nenos e nenas na Etapa Primaria. Por último, estar desdobrados consistía tamén nunha medida de atención á diversidade, pois a ratio máis reducida de alumnos por aula facía posible

favorecer a igualdade de oportunidades na participación e na aprendizaxe de alumnado con necesidades educativas especiais que está escolarizado neste curso.

Se a Consellería de Educación, non se replantea esta situación, e concede o mestre que se necesita, este curso unha mestra atenderá a 26 nenos e nenas nunha aula que non cumple coas normas de habitabilidade para acoller a tantos alumnos e alumnas, o que dificultará ainda máis a dinámica na aula.

Entendemos que a Consellería está empregando criterios económicos, e non educativos á hora de xestionar a Educación, que non é un servizo senón un ben común.

A lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, establece como principios a calidade da educación para todo o alumnado, o de equidade, o de inclusión e non discriminación. No seu capítulo II, establécese que as administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, asegurando os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria poida acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral para todas as alumnas e alumnos.

Igualmente fala de que para facer efectivo o principio de igualdade no dereito á educación, desenvolverán accións de carácter compensatorio, en relación coas persoas que se encontren en situación desfavorable.

No decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia di que o obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolarizaO Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria, no seu artigo 6 sobre as instalacións e condicións materiais dos centros que ofrecen o segundo ciclo de educación infantil, establece que cada aula debe ter unha superficie adecuada ao número de postos escolares autorizados, e en todo caso, con un mínimo de 2 metros cadrados por posto escolar.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicitamos da Corporación en Pleno, a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza á que conceda o mestre ou mestra e que recoñeza legalmente o desdoble para os nenos e nenas de 6º de Educación Infantil do CPI de San Sadurniño.
2. Manifestar o apoio do noso concello ás xuntas demandas de toda a comunidade educativa na defensa nun ensino público e de calidade.”

Non solicitando intervir ningún dos concelleiros presentes, conformes co contido da moción de que se trata, e sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros presentes, acorda a aprobación desa moción.



SEXTO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. López Loureiro pregunta por unha solicitude de información que presentou hai varias semanas e que entende que non foi adecuadamente atendida. O Sr. Alcalde resposta que esa solicitud foi respondida por el hai xa varios días e remitida con acuse de recibo. O Sr. López Loureiro di que tamén solicitaba informes técnicos de funcionarios municipales, que ainda non se lle fixeron chegar, e o Sr. Alcalde resposta que o Secretario estaba de vacacións na data da solicitud e que o informe de que se trata xa está redactado e a disposición do solicitante.

Pregunta tamén de seguido o Sr. López Loureiro á Concelleira de urbanismo pola razón de que no rebacheo da pista da Bidueda a Campolabrado quedasen tramos sen arranxar. A Sra. Calvo resposta que se repararon os tramos que o precisaban, e que o resto ten desgaste, pero non baches.

Toma a palabra seguidamente o Sr. Márquez, para preguntar polas razóns do rexemento pola Xunta de Goberno dunha solicitud de indemnización presentada por un veciño que supostamente rompeu unha roda do seu coche nun bache dunha pista municipal. O Sr. Alcalde resposta que a documentación presentada xunto coa solicitud non era suficiente para poder establecer unha relación causal entre o dano sufrido e o funcionamento dos servizos do Concello, polo que non podía resolverse doutra maneira que rexentando esa solicitud.

Pregunta de seguido o Sr. Márquez polo Plan Xeral, que segundo a resposta dada polo Sr. Alcalde a última vez que preguntou, tiña que estar presentado no mes de agosto. O Sr. Alcalde di que o retraso é únicamente imputable á empresa redactora, que lle asegurou que dentro deste mes de setembro o traballo estaría entregado.

Enon habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vintecinco minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,



O SECRETARIO,

